

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO DO PROGRAMA DE SEGUROS DO CONCELLO DE AMES.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 16 de marzo de 2015 realizou a **clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación polo procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do servizo do programa de seguros do Concello de Ames.**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar.

Unha vez presentada polos clasificados en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, resulta procedente adxudicar o contrato de servizos denominado “Programa de Seguros” do Concello de Ames.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar nas seguintes condicións o servizo denominado *Programa de Seguros do Concello de Ames* á:

Lote nº 1: Responsabilidade Civil a ZURICH INSURANCE PLC, SUCURSAL EN ESPAÑA, CIF W-0072130-H polo seguinte prezo e condicións :

1) Oferta Económica:	23.527,00 €uros/anuais incluído todo tipo de impostos, taxas, recargos aplicables, incluso o Consorcio de Compensación de Seguros que deban aplicarse para o cumprimento do contrato.	
2) Redución ou eliminación de franquicia,	0,00 de franquicia	
3) Ampliación de Límites / Sublímites,		
Incremento do límite xeral por sinistro e ano	3.000.000,00 €	
Sublímite por vítima	900.000,00 €	
Sublímite patrimoniais puros	1.000.000,00 €	
4) Inclusión de coberturas complementarias ao prego,		
Cobertura	NO	SI
Directa de subcontratistas		SI
Directa de comisionas de festas		SI

Lote nº 2: Danos Materiais a ZURICH INSURANCE PLC, SUCURSAL EN ESPAÑA, CIF W-0072130-H polo seguinte prezo e condicións:

1) Oferta Económica:	17.922,27 €uros/anuais, incluído todo tipo de impostos, taxas, recargos aplicables, incluso o Consorcio de Compensación de Seguros que deban aplicarse para o cumprimento do contrato.
-----------------------------	--

2) Eliminacións ou baixada do importe de franquicia,	0,00 de franquicia	
3) Aumento dos límites e sublímites,	150,00%	
4) Melloras en Coberturas		
Cobertura	NO	SI
Participación en beneficio		X
Aparellaje e cableado		X
Defensa xurídica e reclamación de danos		X

Lote nº 4: De responsabilidade Civil de Vehículos a Motor a AXA, SEGUROS GENERALES S.A, polo seguinte prezo e condicións:

1) Oferta Económica:	8.748,16 €uros/anuais, incluído todo tipo de impostos, taxas, recargos aplicables, incluso o Consorcio de Compensación de Seguros que deban aplicarse para o cumprimento do contrato.	
2) Ampliación de límites de Accidente	Fallecemento	Invalidez
	50.000,00 €	50.000,00 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e nas ofertas presentadas polas empresas licitadoras

Segundo.- Declarar deserto o Lote nº 3 de Accidentes Colectivos ao non concurrir ao mesmo ningunha empresa.

Terceiro.- Duración do contrato: O contrato terá unha duración máxima de execución de **DOUS ANOS**, comenzando o día 1 de abril do 2015, podendo prorrogarse anualmente de maneira expresa ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prórrogas).

Cuarto: Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas polo que se rexou o procedemento, así como coa proposición formulada.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para o mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e seis de marzo de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro